

O parlamentarismo inglés

Aínda que a monarquía absoluta francesa foi tomada como modelo e implantada en gran parte de Europa (España, Rusia etc.), aproximadamente na mesma época, e malia os intentos da dinastía Estuardo por implantar o modelo absolutista, xurdiu en Inglaterra un modelo alternativo de monarquía: a **monarquía parlamentaria**.

Na monarquía parlamentaria, o poder do rei estaba limitado polo Parlamento, formado pola nobreza e a burguesía, que tiña poder de control real (e non só consultivo) sobre as decisións do monarca, como o cobro de impostos etc.

Sabías que...?

A monarquía parlamentaria en Inglaterra inaugúrase tras a **Revolución Gloriosa de 1688**, na que se expulsa ao rei católico de tendencia absolutista Xacobe II, e os nobres e burgueses ofrecen a coroa a Guillerme de Orange, a cambio de comprometerse a manter o protestantismo e deixar o exercicio do goberno nas mans do Parlamento.

ACTIVIDADES



5. Resume as características do Estado moderno.
6. Elabora un eixo cronolóxico que inclúa:
 - Os tipos de monarquía que se suceden ao longo da Idade Media e a Idade Moderna.
 - As características básicas de cada tipo de monarquía.
7. Os Reis Católicos representaron o modelo de monarquía autoritaria que xorde en Europa ao comezo da Idade Moderna. Documentate sobre o seu reinado e resume algunhas das reformas que levaron a cabo para fortalecer o poder real.
8. Le detidamente este texto e responde as preguntas que se expoñen.

É só na miña persoa onde reside o poder soberano, cuxo carácter propio é o espírito de consello, de xustiza e de razón; é a min a quen deben os meus cortesáns a súa existencia e a súa autoridade; a plenitude da súa autoridade que eles non exercen máis que no meu nome reside sempre en min e non pode volverse nunca contra min; só a min pertence o poder lexislativo sen dependencia e sen división; é pola miña autoridade que os oficiais da miña Corte proceden non á formación, senón ao rexistro, á publicación e á execución da lei; a orde pública emana de min, e os dereitos e os intereses da Nación, dos que se adoita facer un corpo separado do monarca, están unidos necesariamente ao meu e non descansan máis que nas miñas mans.

Discurso de Luís XV de Francia, 3 de marzo de 1766.

 - a) Cales son as ideas esenciais do texto?
 - b) Que tipo de monarquía reflicte o texto, a absoluta ou a parlamentaria?
 - c) Que parte do texto xustifica a túa resposta?
9. Indica as diferenzas entre unha monarquía absoluta e unha monarquía parlamentaria.
10. Documentate e escribe unha breve biografía sobre a figura de Luís XIV de Francia, tamén coñecido como o rei Sol.

TIC

Para documentarte sobre os reinos dos Reis Católicos e de Luís XIV, visita a páxina web: www.iris.cnice.mec.es.